



XUNTA DE GALICIA REGISTRO ÚNICO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONS PÚBLICAS E XUSTIZA - OURENSE	
DATA 22 SET 2011	HORA.....
N.º ENTRADA	N.º SAIDA 28146

ANPA DO COLEXIO DIVINO MAESTRO
RÚA MADRE SOLEDAD 1
32001 OURENSE

Asunto: Resolución de desestimación de subvención por esgotamento do crédito

Procedemento: SI449A

Nº expediente: 2011/25-3

ANTECEDENTES

Primeiro: Con data 24/06/2011, a ANPA DO COLEXIO DIVINO MAESTRO presentou solicitude de concesión dunha axuda económica ao abeiro do disposto na Resolución de 19 de maio de 2011, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e se procede á súa convocatoria (DOG do 24 de maio de 2011).

Segundo: A solicitude, presentada no prazo establecido para iso na citada resolución, examinouse polo órgano instructor do procedemento para verificar o cumprimento dos requisitos esixidos naquela para outorgar ás entidades solicitantes a condición de beneficiarias das axudas convocadas.

Terceiro: A solicitude cumpría cos requisitos mencionados no punto anterior e foi baremada pola Comisión de Valoración constituída a eses efectos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O outorgamento das axudas a que se refire esta convocatoria realízase en **réxime de concorrencia competitiva** baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

2. Na tramitación deste expediente observáronse as **normas** recollidas na resolución de convocatoria e normativa de subvencións aplicable e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

3. A axuda tramitada neste expediente é financiada pola **aplicación orzamentaria 04.40.312 G.481.0**, código de proxecto 2011 00098 dos Orzamentos Xerais da C.A. de Galicia para 2011, cofinanciado polo FSE (Programa Operativo do FSE de Galicia 2007-2013, eixo2 - tema prioritario 69) nun 80% e pola Secretaría Xeral de Igualdade nun 20%.

O crédito orzamentario dispoñible, segundo a resolución de convocatoria ascende a douscentos sesenta e dous mil cincocentos euros (262.500 €), dos que foron redistribuídos á provincia de Ourense a contía de corenta e dous mil seiscentos catro euros con setenta e catro céntimos (**42.604,74 €**).

4. A ANPA DO COLEXIO DIVINO MAESTRO cumpre cos requisitos esixidos no artigo 4 da resolución de convocatoria desta axuda para ser beneficiaria da mesma e as accións para as que a entidade solicita esta axuda cumpren os requisitos previstos no artigo 5 da dita resolución de convocatoria.

5. A Comisión de Valoración prevista no artigo 10 da resolución de convocatoria procedeu á baremación de todas as solicitudes presentadas e obtivo unha relación ordenada e puntuada das que cumprían coas



condicións esixidas pola mencionada resolución, acadando a solicitude presentada pola ANPA DO COLEXIO DIVINO MAESTRO un total de **54,8 puntos** sobre un máximo de 100.

6. O crédito orzamentario dispoñible nesta provincia asignouse ás solicitudes xa baremadas por rigorosa orde de puntuación, nas contías resultantes da aplicación do disposto no artigo 11.2 da resolución de convocatoria e dentro dos límites fixados polos artigos 3 e 6.4 da mesma resolución, **esgotándose o crédito** dispoñible coa solicitude que acadou un total de 65 puntos.

7. A solicitude presentada pola ANPA DO COLEXIO DIVINO MAESTRO obtivo unha **puntuación inferior** á aquela coa que se esgotou o crédito.

8. O xefe territorial da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en Ourense é **competente para resolver** este procedemento, por delegación da Secretaría Xeral da Igualdade, de acordo co disposto no artigo 12.1 e na disposición derradeira primeira da Resolución de 19 de maio de 2011 á que nos vimos referindo.

De acordo con todo o anteriormente indicado,

RESOLVO

Desestimar a solicitude de axuda presentada pola ANPA DO COLEXIO DIVINO MAESTRO, **por esgotamento do crédito** orzamentario dispoñible.

Esta solicitude quedaría en situación de reserva pois, segundo o disposto no artigo 33.7 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no suposto de ampliación do crédito (posibilidade prevista polo artigo 3.1, parágrafo 2, da resolución de convocatoria desta axuda) e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes na orde de puntuación.

A presente resolución esgota a vía administrativa, e contra esta pode interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación. Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución.

Ourense, a 21 de setembro de 2011

O xefe territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en Ourense

Luis Ortiz Álvarez

